



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA
CELEBRADA O DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2021**

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Manuel Blanco López.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D. José Pardo Álvarez.

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José Bello López.

En Mesía, a 1 de febreiro de 2021, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:



1. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2021". ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

"PROPOSTA Ó PLENO

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2021". ACORDOS QUE PROCEDAN.

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021", "achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0	0	0
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0	0	0
Subtotal pago a provedores	0	0	0

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	213.632,69 €
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	0
Subtotal gasto corrente	213.632,69 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Subtotal investimentos achega provincial 2021	0	0	0

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos "financeiramente sostibles")	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
CAMIÑO DE SOUTELO (OLAS) A LÍMITE VILAMAIOR (ORDES)	67.810,33 €	5.718,79 €	73.529,12 €
PISTA NO OUTEIRO (BOADO) E OUTROS	31.825,50 €	0	31.825,50 €



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000001

PISTA DO CRUCE DE GUDÍN Ó MONTE E OUTROS	41.100,00 €	0	41.100,00 €
PISTA DO CRUCE DA BERXA Ó CRUCE DE GUDÍN E OUTROS	41.100,00 €	0	41.100,00 €
Subtotal investimentos achega provincial 2020	181.835,83 €	5.718,79 €	187.554,62 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
		0
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020	0	0	0
	Achega 2021	0	0	0
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	213.632,69 €	0	213.632,69 €
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)	0		0
C- INVESTIMENTOS	Achega 2021	0	0	0
	Achega 2020	181.835,83 €	5.718,79 €	187.554,62 €
D- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021	0	0	0
TOTAL	Achega 2021	213.632,69 €	0	213.632,69 €
	Achega 2020	181.835,83 €	5.718,79 €	187.554,62 €
	Préstamo 2021	0	0	0
	TOTAL	395.468,52 €	5.718,79 €	401.187,31 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos "financeiramente sostibles" (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
AGLOMERADO DAS CASAS DO MARCO A IGREXA (CABRUI)	152.110,62 €
APARCADOIRO LOCAL SOCIAL EN CASTRO E OUTRO	77.873,31 €
TOTAIS	229.983,93 €



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000001

- 3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
- 4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á chegada municipal dos investimentos incluídos no POS+2021, se a houbera.
- 5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.
- 6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
- 7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

En Mesía, a data da sinatura electrónica.

O alcalde

Asdo./Mariano Iglesias Castro.”

Manifesta o Sr. Alcalde que no POS deste ano hai unha chegada provincial 2021, que ascende a 213.632,69€, que imos destinar a gasto corrente, e unha chegada 2020, por importe de 181.835,83€, que vaise destinar a inversións financeiramente sostibles. Non temos débedas con provedores e nunca pedimos o préstamo provincial, porque precisamente cartos temos, o que non podemos é gastalos. O importe do gasto corrente destínase, 32.000,00€ a subministro de auga potable, 10.000,00€ á rede de sumidoiros, 75.000,00€ a alumeadado público, 45.000,00€ a acceso a núcleos de poboación, que incluírá gasto en material para pequenas actuacións a realizar pola cuadrilla de obras, que este ano se verá incrementada por persoal subvencionado, e 45.000,00€ para atender o gasto de SOGAMA. Así mesmo, inclúense dous proxectos para cumprimentar o plan complementario, que se executará ou non dependendo da dispoñibilidade orzamentaria da Deputación e nosa.

De seguido o Sr. Alcalde explica o contido de cada un dos proxectos incluídos na proposta, pasando despois a palabra aos demais grupos municipais.

Pregunta a Sra. Louro se había incluído gasto en actuacións relacionadas coa auga, respostando o Sr. Alcalde que si, en abastecemento e saneamento.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.



2. POS+ ADICIONAL 1/2021 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS. "POS+ ADICIONAL 1/2021". ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

"PROPOSTA Ó PLENO

POS+ADICIONAL 1/2021 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS. "POS+ ADICIONAL 1/2021". ACORDOS QUE PROCEDAN.

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 1/2021" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	129.474,35 €
---	--------------

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)			



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000001

	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias con necesidades de integración funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	20.000,00€		20.000,00€
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.	12.000,00€		12.000,00€
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS) Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	60.000,00€	3.648,00 €	56.352,00€
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.			
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.			
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnico dos servizos sociais.	23.000,00€		23.000,00€



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000001

	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
h) GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.	20.000,00€		20.000,00€
T O T A L	135.000,00€	3.648,00 €	131.352,00€

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

En Mesía, a data da sinatura electrónica.

O alcalde,
D. Mariano Iglesias Castro.”

Manifesta o Sr. Alcalde que este ano, debido á situación que todos coñecemos, a Deputación sacou este Plan extraordinario, acoutado aos conceptos que se indican na proposta. Nos propoñemos os que se indican, sen perxuízo de que, si detectamos algunha necesidade noutro apartado, poderíamos afrontala con fondos propios. No apartado b) incluimos 16.000,00€ para emerxencia social e 4.000,00€ para o servizo de transporte ou acompañamento a citas médicas. No apartado c) se amplía o sistema que xa temos de servizo de préstamo de portátiles e impresoras, así como mascarillas para os nenos escolarizados, todo por importe de 12.000,00€. No apartado d) destínanse 47.687,00€ a cubrir a aportación municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, e 7.600,00€ e 3.800,00€ aos servizos de fisioterapia e podoloxía a domicilio, respectivamente. Tamén se prevén os correspondentes ingresos por estes servizos, 3.648,00€. No apartado g) prevense mascarillas quirúrxicas para usuarios por 7.500,00€, mascarillas FFP2 para as auxiliares por 9.700,00€ e outro material como guantes, gorros batas ou calzas, por importe de 5.000,00€. No apartado h) prevense a adquisición de medidores de CO2 nos colexios, no PAI e en dependencias municipais que se prevea afluencia de xente, por importe de 3.000,00€, adquisición de tablets e curso de alfabetización dixital para maiores, por 12.000,00€, así como tres camas articuladas e dúas cadeiras de baño para dependentes, por importe de 3.500,00€.

De seguido o Sr. Alcalde pasa a palabra aos demais grupos municipais.

Pregunta a Sra. Louro pola posibilidade de adquirir grúas para o servizo de axuda a



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000001

domicilio, xa que facilita moito o traballo das auxiliares, respostando a Sra. Sánchez que xa o pensaron pero hai un problema coas dimensións para a entrada nas casas, ademais da descarga da batería, pero é interesante. Manifesta o Sr. Alcalde que se estudará o tema.

Signala así mesmo a Sra. Louro a posibilidade de realizar cursos de ergonomía e posición para as auxiliares, manifestando o Sr. Alcalde que cree que xa se inclúe nos cursos de formación que reciben periodicamente.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as oito horas e cincuenta e cinco minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,
D. Mariano Iglesias Castro.